



CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
3835/2017	A Xunta de Goberno Local

MARIA JESUSA FERNANDEZ BASCUAS, EN CALIDADE DE SECRETARIA ACCIDENTAL DESTE ÓRGANO,

CERTIFICO:

Que, na sesión desenvolvida o 5 de febreiro de 2018 se adoptou o seguinte acordo:

Expediente 3835/2017. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE COLECTORES DE RECOLLIDA DE CARGA LATERAL RSU PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO CONCELLO DA ESTRADA

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 26/01/2018, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto o expediente tramitado para a contratación do subministro de "COLECTORES DE RECOLLIDA DE CARGA LATERAL RSU PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO CONCELLO DA ESTRADA", con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017-Liña 1.

Visto que dentro do prazo concedido presentaron ofertas as seguintes empresas:

- CONTENUR S.L. (CIF B82806738)
- PLASTIC ONMIUN SISTEMAS URBANOS S.A. (A46480547)

Vistas as proposicións formuladas polos licitadores.

Vistas a acta da Mesa de Contratación celebrada o día 11/01/2018 na que se procedeu á apertura do sobre A (documentación administrativa), á apertura do sobre B (oferta), clasificación das mesmas e a consecuente proposición para que esta Alcaldía realizara Proposta de Adxudicación.

Visto que a empresa PLASTIC ONMIUN SISTEMAS URBANOS S.A., foi a que obtivo a maior puntuación.

Visto que presenta correctamente a documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co artº 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro de apoio aos emprendedores), así como o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5% do importe da adxudicación excluído o IVE.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal con data 29/01/2018.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado no artigo 21.1.s) da Lei 7/85 e Decreto de delegación desta Alcaldía n.º 682 de 15 de xuño de 2015.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS:**

Primeiro.- Adxudicar o contrato do subministro de “COLECTORES DE RECOLLIDA DE CARGA LATERAL RSU PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO CONCELLO DA ESTRADA”, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017-Liña 1, por un prezo unitario de 826,13 € (IVE incluído) e ata un máximo de 128.000,00 € (IVE incluído), á empresa PLASTIC ONMIUN SISTEMAS URBANOS S.A. (CIF A46480547) con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

Segundo.- A empresa adxudicataria deberá de colocar os contedores nos viais e lugares indicados polo Concello, dentro do casco urbano, así como á xestión dos contedores a renovar que estean inservibles.

Terceiro.- Unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación, requirirase ao adxudicatario para que, nun prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, formalice o correspondente documento contractual.

Cuarto.- Notifíquese o presente Acordo aos outros licitadores.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233